



DOCUMENTO:

MEMORIA EXPLICATIVA E XUSTIFICATIVA

ACTUACIÓN:

**MODIFICACIÓN DO ANEXO AO PLAN DE TRANSPORTE
PÚBLICO DE GALICIA SOBRE A ÁREA DE TRANSPORTE
DE GALICIA**

DATA:

23.02.2022





MODIFICACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA SOBRE A ÁREA DE TRANSPORTE DE GALICIA. MEMORIA EXPLICATIVA E XUSTIFICATIVA

1. ANTECEDENTES

O obxecto da presente memoria é explicar e xustificar os cambios que se introducen no Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia (Anexo do PTPG, en diante), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25 de febreiro de 2021.

O Anexo do PTPG constitúe unha modificación do propio PTPG que elaborou a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en cumprimento do previsto na Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (Lei 10/2016, do 19 de xullo, en diante), e que incorporou tamén os criterios establecidos no título III, referido á ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros, da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (Lei 2/2017, do 8 de febreiro, en diante).

Ao abeiro do establecido no artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia redactou o Plan de Transporte Público de Galicia para a actualización do sistema de transporte público de Comunidade Autónoma, que se configura como o instrumento mediante o que se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan no seu ámbito territorial, documento de planificación que sería aprobado finalmente, logo da súa preceptiva tramitación, na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 29 de novembro de 2018.

Posteriormente, a Xunta de Galicia procedeu á elaboración e tramitación dun documento anexo ao PTPG sobre a Área de Transporte de Galicia (ATG, en diante), co obxectivo de complementar as previsións do propio PTPG de ofrecer unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención ás zonas con poboación máis dispersa, para o que, contando coa colaboración dos concellos e as deputacións provinciais, establece unha serie de medidas como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os beneficios asociados ás bonificacións nas tarifas de transporte da áreas de transporte metropolitano, ou a





posible mellora da oferta de servizos adaptados a cada zona territorial. O dito documento, logo de ser sometido a unha tramitación análoga á do propio PTPG, sería aprobado por parte do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25 de febreiro de 2021.

Como se explicará nesta memoria, a través desta primeira modificación do Anexo do PTPG procédese a unha primeira actualización ao contido do dito anexo do PTPG, coa finalidade de acentuar as previsións dirixidas a promover a precisa eficiencia e racionalización na actuación administrativa que del se deriva, e que resulta necesaria para a súa implantación e xestión posterior; e, por outra parte, incorpóranse melloras respecto o texto inicial na liña de acción da Xunta de Galicia dirixida a frear o despoboamento de ámbitos rurais e, en xeral, facilítase a incorporación das entidades locais coa asunción dun criterio de distribución do gasto análogo para o conxunto de servizos, incluídos os que se desenvolven no interior dun único concello.

Para tal fin, o documento de modificación do Anexo do PTPG configúrase como un documento integrado, no que, para a súa mellor comprensión e aplicación, procédese a incorporar o conxunto de cambios previstos nun documento consolidado. Neste sentido, a través da presente memoria explícanse os cambios que se propoñen introducir ao longo do novo texto.

2. MODIFICACIÓNS QUE SE INTRODUCEN

A través do presente documento introdúcense, por unha parte, diferentes cambios que afectan ao contido do Anexo do PTPG, modificando as condicións de participación e impulso desta actuación previstas no documento vixente; e, por outra parte, introdúcense tamén diferentes adaptacións que, sen ter unha afectación directa na operativa da ATG, permitirán acadar unha maior eficiencia nos procedementos administrativos dirixidos á súa constitución e á súa posterior operativa. Finalmente, tamén se introducen varias correccións menores, dirixidas simplemente a unha mellor comprensión do texto.

2.1. Modificacións que afectan á configuración e constitución da ATG

En canto ao primeiro grupo de modificacións, as que teñen unha maior afección na configuración e constitución da ATG, cómpre indicar as seguintes:





a. O Anexo do PTPG establece os criterios de participación das Administracións con competencias sobre o transporte público de persoas na nosa Comunidade autónoma no financiamento dos diferentes programas. Dentro destes criterios, no apartado 3.2.4.2.9 regula as bonificacións aplicables e, dentro delas, a bonificación zonal básica, establecendo para os "concellos non urbanos" a distribución da compensación "en todas as viaxes locais con orixe e destino no Concello asinante" que "a imputación da bonificación zonal básica realízase ao 80% ao Concello asinante e ao 20% pola Xunta de Galicia".

Unha vez aprobado o documento, por parte da Xunta de Galicia considérase oportuno recuperar neste aspecto a analoxía co Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, no que a propia Xunta de Galicia asume tamén nestas viaxes un 80% do importe da bonificación, fronte ao 20% que asumen os concellos.

Este cambio incorpórase tanto no apartado "3.2.4.1.10.1.2 Concellos non urbanos", como no resto de apartados concordantes, así como nas correspondentes estimacións económicas.

b. Por outra parte, o Anexo do PTPG actualmente vixente prevé no seu "apartado 3.2.4.1.2. Zonificación" que se acorda a implantación dun sistema tarifario zonal que aglutine na ATG os diferentes sistemas tarifarios vixentes, para facer referencia a continuación aos criterios que se establecen para o seu cálculo.

O sistema tarifario zonal que establece a ATG parte da consideración de cada un dos concellos galegos como unha "zona" de transporte, de xeito que as tarifas aplicables en calquera das paradas se equiparan á que sería de aplicación no núcleo de maior poboación do dito concello; a partir desta zonificación, o Anexo do PTPG prevé que se realizará un cálculo da tarifa aplicable a cada relación "concello orixe – concello destino" atendendo á distancia existente entre os ditos núcleos de poboación.

Este sistema supón, por tanto, unha evolución respecto do sistema tarifario quilométrico que tradicionalmente resultaba de aplicación nos servizos públicos de transporte, sistema no que a tarifa se calculaba para cada par de paradas e estaba condicionado polo concreto percorrido existente entre elas, de xeito que entre as mesmas paradas podían darse tarifas diferentes segundo a expedición que a persoa usuaria utilizase; ademais, a tarifa final da persoa usuaria a determinaríala o conxunto de





vehículos que se tivesen que utilizar sucesivamente para realizar unha viaxe.

Mais xa o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (PTMG) anticipou un primeiro sistema zonal, que agora se vén perfeccionar e, sobre todo, estender a toda Galicia. Polo tanto, cómpre introducir unha corrección no modelo definido para a ATG que teña conta as tarifas zonais que son de aplicación nas Áreas de Transporte Metropolitano vixentes, fixando o criterio adicional no proceso de cálculo das tarifas da ATG de xeito que a tarifa resultante a pagar con TMG será inferior ou igual á que resultaba de aplicación na ATM respectiva, asumindo as Administracións a diferenza na compensación que corresponda ata acadar ese importe, atendendo ao criterio xeral de imputación de bonificacións. Este cambio se introduce no apartado "3.2.4.1.8 Tarifas a abonar polas persoas usuarias", e é tida en conta nos correspondentes cálculos económicos de imputacións ás diferentes administracións.

c. Posiblemente, a modificación cunha maior relevancia das que se veñen a introducir é a que se recolle na nova disposición "3.2.7.5 Concellos rurais de reducida poboación". Así, de xeito coherente cos programas da Xunta de Galicia de loita contra o despoboamento dos ámbitos rurais, promóvese unha actuación activa a favor da incorporación das vantaxes máis directas que suporá a ATG nos ámbitos máis afectados por esta situación de diminución da poboación, que se concretan nos concellos cun subgrao de urbanización baixo ou intermedio que contén con menos de 2000 habitantes, así como aqueles nos que a mobilidade actual presenta índices baixos que requiren dunha especial promoción, identificados como aqueles respecto dos que nos traballos técnicos levados a cabo deran como resultado unha previsión de bonificación anual imputable ao concello inferior a 100 euros.

Para ambos supostos introdúcese a previsión de que a Xunta de Galicia asumirá o custo de integración no sistema tarifario integrado, sen necesidade, por tanto, de que os ditos concellos deban formalizar un convenio de colaboración para a súa integración ou adhesión á ATG e, por tanto, para a aplicación do programa tarifario zonal. Ademais, incorpórase unha previsión expresa referente á posibilidade de participación das Deputacións Provinciais en substitución destes concellos, ou de xeito complementario a eles, para o impulso de calquera outro dos programas que se prevén para a ATG.





Esta previsión, ademais de no apartado indicado do documento, incorpórase mediante un anexo no que se relaciona os 120 concellos beneficiarios desta maior achega que asume integramente a Xunta de Galicia.

d. Adicionalmente, o novo documento explicita de xeito directo a previsión de integración doutros modos de transporte. Deste xeito, en consonancia coas accións asumidas pola propia Xunta de Galicia en apoio da mobilidade, dáse unha maior amplitude ás iniciais previsións, centradas basicamente no transporte por estrada, e introdúcese a previsión de integración, xa inicialmente, dos servizos ferroviarios e de transporte marítimo que actualmente operan nas áreas de transporte metropolitano de Ferrol e Vigo, respectivamente. Este cambio se introduce en diversos apartados ao longo do documento, así como nas propias previsións económicas calculadas pola administración, e nel tamén se recolle a posibilidade de que estes servizos se integren mantendo o actual cadro de tarifas ou que, en cambio, para facilitar a súa integración se poidan establecer tarifas específicas máis axustadas á realidade previa e de explotación destes tipos de servizos, co que agarda acadar unha maior facilidade de integración de modos e medios que, doutro xeito, podería non resultar viable.

Adicionalmente, atendendo a esta previsión dunha maior vinculación co conxunto da mobilidade e a posibilidade de que na ATG se integren tamén outros sistemas, incorpórase unha modificación na definición dos medios de pagamento que serán aplicables, de xeito que a tarxeta análoga á actual tarxeta TMG denomínase como "Tarxeta da Mobilidade de Galicia", mantendo a denominación abreviada "TMG"; ademais, prevese expresamente a súa evolución e, incluso, substitución por novos sistemas tecnolóxicos, en liña cos programas de innovación que prevé impulsar a Xunta de Galicia.

2.2 Outras modificacións dirixidas a favorecer a eficiencia nos procesos de implantación e posterior operativa da ATG

Como se indicaba anteriormente, o documento de modificación do Anexo do PTPG introduce diferentes modificacións que, sen afectar a elementos estruturais da ATG, ou de operativa da mesma cara as persoas usuarias, si permitirán unha maior eficiencia tanto na súa implantación como na posterior operativa, entre as que cómpre sinalar:





- Prevese expresamente no apartado 3.1 a adopción dun convenio tipo que será previamente autorizado polo Consello da Xunta de Galicia; deste xeito facilitarase a tramitación dos aproximadamente 200 convenios que require a implantación efectiva da ATG, sen demoras innecesarias debidas á complexidade deste proceso; e, ao mesmo tempo, facilitará a posterior realización do conxunto de trámites necesarios para a debida xestión dos ditos convenios.
- Na definición dos Servizos de interese municipal (SIMU), que se prevén no programa de incremento da oferta, prevese expresamente a posibilidade de que se leven a cabo simultaneamente con varios concellos, instrumentalizándoos nun único convenio interadministrativo.
- No apartado "3.2.3 Mellora na información e nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo", concrétase con maior detalle a colaboración que se pretende entre as administracións interesadas neste programa, tendo en conta o interese común que supoñen tanto para os tráfico interurbanos como para os estritamente urbanos. Igualmente, en canto á información, tamén se introduce unha maior concreción da colaboración, en liña coas actuacións previstas de impulso da información ás persoas usuarias.

Neste aspecto é salientable que, xunto coa integración tarifaria dos servizos de transporte, tamén se prevé a integración dos sistemas de información, de xeito que as persoas usuarias poidan coñecer dun xeito doado o conxunto de medios de transporte que deben utilizar para a realización completa das súas viaxes.

Nesta liña de mellora da información vinculada coas melloras tecnolóxicas, tamén se introduce unha previsión no apartado "3.2.7.3 Comunicacions entre as Administracións Públicas", no sentido de prever a posibilidade de que as comunicacións de información mediante aplicacións informáticas, o que será especialmente útil para garantir unha eficaz comunicación de información sobre a evolución da mobilidade e outros aspectos asociados á xestión das medidas de fomento que se prevén nos convenios.

- Introdúcense modificacións na redacción referente aos niveis de compensación, dirixidas tanto a facilitar a unha mellor comprensión deste apartado como a eventual integración de servizos locais que





poidan establecer concellos sen obriga legal de contar co servizo de transporte colectivo urbano. Nestes apartados engadiuse, adicionalmente, unha mención expresa á Tarifa Xente Nova, tendo en conta a entidade que presenta logo de culminar o proceso de expansión a toda Galicia iniciado en 2020.

- No apartado "3.2.5 Seguimento" introdúcese unha maior flexibilización no funcionamento das comisións de seguimento dos convenios, substituindo a necesidade de presenza, para a súa válida constitución, de todas as persoas que as integren, pola de presenza dunha representación de cada unha das administracións participantes e a adopción dos acordos por unanimidade, co que queda garantido o obxectivo de facilitar a participación e, ao tempo, se simplifica a súa operativa real ante posibles circunstancias imprevistas.
- Adicionalmente, vinculado co feito de prever a integración na ATG daqueles concellos de carácter rural e limitada poboación aos que se fixo referencia previamente, introdúcese unha mención específica ao proceso de implantación da ATG, para o que se prevé o establecemento dun procedemento no que por parte da dirección xeral da Xunta de Galicia competente en materia de mobilidade se establecerán fases ou períodos nos que os concellos interesados poidan comunicar a súa vontade de adhesión. Para tal fin, prevese que se poidan definir ámbitos territoriais e temporais, tendo en conta tanto a propia operativa do sistema de transporte público como as necesidades tecnolóxicas, así como a necesaria organización administrativa deste proceso.

Finalmente, como se indicou previamente, procédese a introducir ao longo do articulado diferentes axustes de redacción e correccións de termos ou expresións, co obxectivo de acadar unha mellor comprensión do mesmo.

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Ríó

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra

